

	 <p><b>Amigos da Terra</b></p>	<p><b>AS CORCERIZAS CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL</b></p>	<p>amigosdaterra.net</p>
		<p><b>Amigos da Terra</b>  Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense  Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020  e-mail: info@amigosdaterra.net</p>	

## **ALIMENTOS QUILOMÉTRICOS: INVESTIGUEMOS COMO FREAR O CAMBIO CLIMÁTICO CO QUE COMEMOS CADA DÍA!**

O informe "Alimentos Kilométricos", realizado por Amigos da Terra/Amigos de la Tierra coas universidades de Vigo e Sevilla analiza o impacto climático dalgúns dos alimentos cotiás que importa anualmente o estado español e traduce a toneladas de CO2 equivalentes o dano colateral da nosa alimentación industrializada. A través deste estudo comprobouse que os alimentos que consumimos veñen cada vez de máis lonxe: garavanzos de México, "pementos de Padrón" de Marrocos ou kiwis de Nova Zelanda. **Anualmente cada tonelada viaxa unha media de 5.013 Km!** Mentres en Galicia as terras de cultivo se abandonan, noutros lugares do Sur do planeta selvas e pobos son arrasados para producir alimentos industriais baratos que viaxarán miles de quilómetros ata chegar ás nosas mesas. A través das actividades que desenvolveremos ao longo da xornada, os/as participantres investigarán e descubrirán cómo frear esta viaxe sen retorno co que comemos cada día!

### **Obxectivos**

- Visualizar o entramado do actual modelo de produción de alimentos
- Analizar as consecuencias ambientais, económicas e sociais deste modelo
- Coñecer alternativas e opcións máis respetuosas e sostibles

### **Contidos e Metodoloxía**

1. Análítica e reflexiva: visualizaremos a orixe dos alimentos tendo en conta as emisións de CO2, a superficie necesaria para a súa produción a escala mundial e a pegada ecolóxica deste modelo

2. Valorativa e proactiva: a través dun xogo asimilaremos os diferentes pasos da cadea de produción de alimentos, descubriremos as implicacións e consecuencias dun modelo industrializado fronte a un máis sostible e valoraremos as posibilidades que temos para mudar.

3. Crítica e constructivista: comprobaremos in situ, a través da visita polo propio Centro, a viabilidade da redución de consumos enerxéticos, así como a produción a partir de diferentes fontes renovables.

**Destinatarios/as**: a partir de 5º de Primaria

Xogando podemos aprender a tomar decisións razoadas que conleven melloras, para as persoas e o planeta!